

## DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA IES A SARDIÑEIRA

### CURSO 2022/2023

#### ADDENDA materias Xeografía e Historia de 2ºESO, 4º ESO ( LOMCE )

##### 1. INTRODUCCIÓN E MARCO LEXISLATIVO

***Adaptación da programación á ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia***

Seguindo a ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, que establece que “ *A sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa sesión de avaliación final* ” e que a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria, deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023, nos criterios de cualificación das materias de Xeografía e Historia dos cursos de 2º da ESO e de 4º da ESO, realízanse cambios na terceira avaliación parcial e na avaliación final co fin de adaptarse á normativa vixente.

O Departamento de Xeografía e Historia do IES A Sardiñeira, durante este curso 2022/23 considera, en consecuencia, realizar os cambios adecuados nas Programacións Didácticas do Departamento para as materias que imparte en 2ºESO e 4ºESO de Xeografía e Historia. A continuación se explican en indican as circunstancias e modificacións de cada curso nos apartados afectados da Avaliación, respecto dos criterios de cualificación, promoción e recuperación.

## **2. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

### **a) Criterios de cualificación**

A avaliación, con carácter formativo e orientador, será contínua e estará plenamente integrada na actividade habitual da aula, permitindo detectar as dificultades no momento no que se producen e, en consecuencia, incorporar as medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou adaptación necesarias.

Ao comezo do curso levarase a cabo unha *avaliación inicial* para determinar os coñecementos previos dos alumn@s. Ao longo de todo o proceso efectuarase unha *avaliación formativa* que nos proporcione información sobre o proceso de ensinanza- aprendizaxe e nos permita efectuar os axustes necesarios na programación. Por último, a *avaliación sumativa* permitiranos contrastar a eficacia do proceso educativo, ver se se conseguiron os obxectivos propostos, e serviranos para tomar decisións con respecto á promoción dos alumn@s.

Como xa dixemos, utilizaremos distintos instrumentos e técnicas en función do que necesitamos avaliar en cada momento.

### **b) Criterios de cualificación e de promoción de 2ºESO, 4ºESO:**

Os criterios de cualificación e de promoción para 2ºESO e 4ºESO serán os seguintes:

- **A nota de cada avaliación**, comporase en base non só aos coñecementos da materia en sí, senón tamén ao traballo realizado na clase así como a entrega das tarefas encomendadas. Terase tamén en conta o progreso e mellora na adquisición das competencias.

- O 80% da nota final de cada unha das tres avaliacións corresponderá á nota media dos exames parciais. As probas consistirán nunha serie de preguntas sobre as unidades didácticas do trimestre.
- O 20% restante da nota de cada avaliación corresponderá ao **traballo do alumnado**. Farase un seguimento do traballo da alumna/o, no que se observará calidade das tarefas e as correccións indicadas pola profesora nas diversas actividades. Estas actividades se entregarán no prazo fixado (actividades e traballo formarán parte da observación do profesorado).
- Para obter unha cualificación positiva na avaliación haberá que acadar unha nota mínima de 5.
- O alumnado que non supere unha avaliación (nota inferior a 5) realizará un **plan de recuperación** dos contidos vistos nese trimestre. A **proba de recuperación** terá lugar ao comezo do seguinte trimestre excepto na 3ª avaliación, onde se realizará a finais da mesma.
- Contempláse tamén a realización dun **plan de recuperación final da materia** a finais do terceiro trimestre.
- A cualificación na **Avaliación Final** será o resultado da media aritmética das notas obtidas en cada avaliación. Para aprobar a materia a media debe ser igual ou superior a 5 puntos.
- Antes de rematar a Terceira Avaliación se fará a media de todas as avaliacións parciais para saber que alumnado é apto ou non apto.

- O alumnado será considerado apto, sempre e cando obteña unha nota de 5 ou máis de 5 tras facer a media aritmética das tres avaliacións parciais.
- Se o resultado non chega a un 5, o/a alumno/a terá que realizar o plan de recuperación final a finais do terceiro trimestre. A nota do alumnado que tivo que recuperar a materia no plan de recuperación final obterase do seguinte xeito : para aquel alumnado que suspendera unha ou dúas avaliacións, calcularase a nota da materia coa nota ou notas resultantes do plan de recuperación final e a da/s avaliación/s aprobada/s. De ter todas as avaliacións suspensas, a nota final calcularase coas notas obtidas de cada parte avaliada do plan de recuperación final.
- A nota da avaliación final, igual que a de cada avaliación parcial, redondearase á alza a partir do medio punto (4,5 =5; 6,5=7 pero 4,4 =4).
- Copiar nun exame por calquera procedemento será considerado grave e dito exame anulado e cualificado cun 0.
- **En caso de que o alumnado non se presente ás probas de avaliación, só poderá repetilas con xustificante médico. De non ser así, deberá esperar a realizar a recuperación na seguinte avaliación ou á recuperación final no caso de ser necesario.**

### c) Crterios de recuperación

O alumnado que non supere unha avaliación (nota inferior a 5) levará a cabo un plan de recuperación trimestral: realizará unha proba de recuperación e fichas de reforzo. A nota da recuperación trimestral cualificarase da seguinte maneira:

asígnase un 80% á proba e un 20% ao traballo. A proba de recuperación terá lugar ao comezo do seguinte trimestre excepto na 3ª avaliación, onde se realizará a finais da mesma.

A profesora guiará a preparación das probas de recuperación e estará a disposición do alumnado para realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes.

Contémplase tamén a realización dun **plan de recuperación final** a finais do terceiro trimestre, consistente na realización dunha proba de recuperación final e na entrega de tarefas. Ás tarefas de recuperación de cada avaliación asígnaselles un 20% da nota da avaliación e á parte do exame de recuperación da avaliación correspondente un 80% da nota da avaliación.

A proba de recuperación final consistirá nun exame cunha serie de preguntas semellantes ás realizadas durante o curso. Nela o alumnado deberá acadar os contidos mínimos esixibles .

A nota do alumnado que tivo que recuperar a materia no plan de recuperación final obteríase do seguinte xeito : para aquel alumnado que suspendera unha ou dúas avaliacións, calcularase a nota da materia coa nota ou notas resultantes do plan de recuperación final e a da/s avaliación/s aprobada/s. De ter todas as avaliacións suspensas, a nota final calcularase coas notas obtidas de cada parte avaliada (realizárase a media aritmética das tres avaliacións, asignándolle un 80% á parte do exame de recuperación de cada avaliación e un 20% ás tarefas de cada avaliación).

A cualificación para aprobar a materia debe ser igual ou superior a 5 puntos.

O alumnado deberá xustificar a ausencia ás probas cun xustificante médico do mesmo xeito que nas probas ordinarias de cada avaliación.

### **3. PLAN DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 2ºESO**

#### **a) Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. No mesmo indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.

g) Seguimento e avaliación.

h) Acreditación da información á familia.

**b) ORGANIZACIÓN das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da MATERIA PENDENTE de XEOGRAFÍA E HISTORIA DE 2ºESO**

As/os alumnas/os coa asignatura pendente do curso anterior serán distribuídos por cursos e asignados ás profesoras do departamento que lles imparten clase, que se encargarán de entregar, corrixir e calificar os boletíns e as probas. As calificacións aparecerán na primeira avaliación, segunda, terceira e final.

O alumnado coa materia pendente que non supere a materia ao calcular a media das cualificacións trimestrais, realizará unha **proba de recuperación final** no mes de xuño.

Para obter un resultado positivo, o alumnado que ten a materia pendente do curso anterior, seguirá o Plan de Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente desta programación.

**c) PLAN de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente de XEOGRAFÍA E HISTORIA de 2ºESO**

O alumnado coa materia pendente do curso anterior será convocado ao inicio do curso co fin de informalo sobre o plan de recuperación.

Este consistirá na elaboración dun boletín de exercicios relativos aos contidos xeográficos e históricos da asignatura, que será entregado pola profesora a comezo de curso. Ademais da entrega do Boletín, o alumnado coa materia pendente

realizará probas escritas, nas que se lle farán preguntas sobre os exercicios do boletín.

O alumnado entregará exercicios do boletín e realizará unha proba escrita en cada trimestre.

As actividades dos boletíns deberán ser entregadas antes das datas estipuladas para proceder a súa corrección antes das probas. As preguntas do boletín se basearán no currículo de todo o curso que estea pendente.

A cualificación da materia pendente por trimestre será a seguinte :

- O 80% da nota corresponderá á proba escrita.

-O 20% restante corresponderá á valoración dos exercicios dos boletíns.

Tras examinarse da Terceira Avaliación, farase a media aritmética das cualificacións trimestrais. O alumnado que non superou a materia - a media aritmética das avaliacións trimestrais é inferior a 5- terá unha **proba de recuperación final** en xuño.

A cualificación mínima para superar a proba de recuperación final será 5 puntos.

O alumno/a será guiado durante o curso de forma periódica pola profesora, o que permitirá realizar un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que teña @alumn@.

Ademais, o alumnado terá a posibilidade de seguir orientacións, reforzo e apoio a través da Aula Virtual ou da Páxina Web do instituto no apartado do Departamento de Xeografía e Historia.

Os exercicios do Boletín deberán entregarse antes das seguintes datas :

1º Trimestre: 7 de novembro



2º Trimestre :13 febreiro

3º Trimestre :15 maio

As probas trimestrais celebraranse nas seguintes datas :

1º trimestre : 18 de novembro

2º trimestre : 24 de febreiro

3º trimestre: 26 de maio

A proba de recuperación final de xuño realizarase na seguinte data :16 de xuño

O alumnado asinará documentos de entrega e recepción dos exercicios do boletín e da entrega das probas nas datas indicadas máis arriba.

En caso de que o alumnado non se presente ás probas de avaliación, só poderá repetilas con xustificante médico. De non ser así, deberá esperar á proba de recuperación final.

#### **4. ACLARACIÓN SOBRE A TEMPORALIZACIÓN DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

Segundo a ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, a temporalización das unidades didácticas das materias experimentará

modificacións como consecuencia da ampliación da docencia ordinaria ata o 21 de xuño.

## **5. XUSTIFICACIÓN FINAL DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DO IES A SARDIÑEIRA NO CURSO 2022/2023**

O Departamento de Xeografía e Historia do IES A Sardiñeira considera fundamental facer fincapé nos seguintes apartados para ser tidos en consideración, sempre e cando sexan útiles á Inspección Educativa:

-Deberase ter en conta que na aplicación da LOMLOE hai partes da cualificación, como a obtención da nota final, que poden cambiar en función do curso.

-Tamén se debe ter en consideración que nas programacións LOMCE, se modificaron, ademais dos Criterios de Cualificación – debido á modificación do calendario escolar no curso vixente 2022/23-, os criterios de recuperación da materia do curso ordinario e das materias pendentes co fin de unificar criterios coas materias LOMLOE. Os cambios nos criterios de recuperación da materia do curso ordinario e das pendentes se aplicaron xa na primeira avaliación.

En A Coruña, a 14 de marzo de 2023

Asdo.:

Dona Silvia Collazo García

Don Manuel Cabalar Fuentes

Dona Adela Clorinda Figueroa Paz